

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 19 de abril de 2022 pola que se convocan probas selectivas para acceso á escala de auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos, subgrupo C1, pola quenda de acceso libre.

Advertido erro na citada resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* núm. 85, do 3 de maio de 2022, procede realizar a seguinte corrección:

No anexo II das bases da convocatoria, na páxina 26525 da citada resolución, bloque A do programa, tema 23.

Onde di:

«23. Lexislación estatal e autonómica sobre bibliotecas. Lei 10/2007, da lectura, do libro e das bibliotecas: capítulo I, Disposicións xerais; capítulo IV, Réxime xurídico do libro; capítulo VI, As bibliotecas; disposicións adicionais primeira e terceira. Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia: título preliminar, Disposicións xerais; título I, Do sistema galego de bibliotecas; título II, Definición e estrutura da Rede de bibliotecas públicas de Galicia, réxime de prestacións dos servizos bibliotecarios; título III, Bibliotecas universitarias, bibliotecas especializadas; título IV, Réxime sancionador».

Debe dicir:

«23. Lexislación estatal e autonómica sobre bibliotecas. Lei 10/2007 da lectura, do libro e das bibliotecas: capítulo I, Disposicións xerais; capítulo IV, Réxime xurídico do libro; capítulo V, As bibliotecas; disposicións adicionais primeira e terceira. Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia: título preliminar, Disposicións xerais; título I, Do sistema galego de bibliotecas; título II, Definición e estrutura da Rede de bibliotecas públicas de Galicia, réxime de prestacións dos servizos bibliotecarios; título III, Bibliotecas universitarias, bibliotecas especializadas; título IV, Réxime sancionador».

